Lei de Newton da gravitación universal

(forza que exerce un planeta esférico sobre un corpo puntual)

2.ª lei de Newton da Dinámica

Velocidade lineal nun movemento circular uniforme de raio  $r$  e período  $T$

Aceleración normal dun obxecto que se move cunha velocidade lineal,  $v$ , nunha traxectoria circular de radio  $r$

Intensidade do campo gravitacional terrestre a unha distancia  $r$  do centro

#### Cifras significativas: 3

$R = 6,37 \cdot 10^6 \text{ m}$

$h = 350 \text{ km} = 3,50 \cdot 10^5 \text{ m}$

$g_0 = 9,81 \text{ m/s}^2$

$v$

$T$

$a$

$g_h$

$M$

$v$

$G$

$r$

$$\vec{F}_G = -G \frac{M \cdot m}{r^2} \vec{u}_r$$

$$\Sigma \vec{F} = m \cdot \vec{a}$$

$$v = \frac{2\pi \cdot r}{T}$$

$$a_N = \frac{v^2}{r}$$

$$g = \frac{F_G}{m} = G \frac{M}{r^2}$$

**Solución:**

A forza gravitacional,  $\vec{F}_G$ , que exerce un astro de masa  $M$  sobre un satélite de masa  $m$  que xira arredor del nunha órbita de radio  $r$ , é unha forza central, está dirixida cara ao astro, e réxese pola lei de Newton da gravitación universal:

$$\vec{F}_G = -G \frac{M \cdot m}{r^2} \vec{u}_r$$

Nesta expresión,  $G$  é a constante da gravitación universal, e  $\vec{u}_r$ , o vector unitario na dirección da liña que une o astro co satélite. En módulos:

$$F_G = G \frac{M \cdot m}{r^2}$$

En moitos casos a traxectoria do satélite é practicamente circular arredor do centro do astro. Como a forza gravitacional é unha forza central, a aceleración só ten compoñente normal,  $a_N$ . Ao non ter aceleración tangencial, o módulo,  $v$ , da velocidade lineal é constante e o movemento é circular uniforme. A aceleración normal, nun movemento circular uniforme de raio  $r$ , obtense da expresión:

$$a_N = \frac{v^2}{r}$$

Como a forza gravitacional que exerce o astro sobre o satélite é moito maior que calquera outra, pódese considerar que é a única forza que actúa.

$$\Sigma \vec{F} = \vec{F}_G$$

A 2.ª lei de Newton di que a forza resultante sobre un obxecto produce unha aceleración directamente proporcional á forza, sendo a súa masa,  $m$ , a constante de proporcionalidade.

$$\Sigma \vec{F} = m \cdot \vec{a}$$

Expresada para os módulos, queda:

$$\begin{aligned} |\Sigma \vec{F}| &= m \cdot |\vec{a}| \\ F_G &= m \cdot a_N \end{aligned}$$

Substituíndo a expresión do módulo,  $F_G$ , da forza gravitacional, e a da aceleración normal, queda:

$$G \frac{M \cdot m}{r^2} = m \frac{v^2}{r}$$

Despexando a velocidade orbital do satélite, queda:

$$v = \sqrt{\frac{G \cdot M}{r}}$$

Cando non se teñen os datos da constante da gravitación universal,  $G$ , ou da masa do astro,  $M$ , pero si do valor da aceleración da gravidade na súa superficie, pódese encontrar unha relación entre elas, usando que, na superficie do astro, o peso dun corpo,  $m \cdot g_0$ , é igual á forza gravitacional:

$$m g_0 = G \frac{M \cdot m}{R^2}$$

$R$  representa o raio de astro e  $g_0$  o valor da aceleración da gravidade na súa superficie. A relación é:

$$G \cdot M = g_0 \cdot R^2$$

a) Calcúlase o raio da órbita vale:

$$r = R + h = 6,37 \cdot 10^6 \text{ [m]} + 3,50 \cdot 10^5 \text{ [m]} = 6,72 \cdot 10^6 \text{ m}$$

Calcúlase a velocidade orbital substituíndo  $G \cdot M$  por  $g_0 \cdot R^2$ .



$$= \sqrt{\frac{g_0 \cdot R^2}{r}} = \sqrt{\frac{9,81 \text{ [m/s}^2\text{]} \cdot (6,37 \cdot 10^6 \text{ [m]})^2}{6,72 \cdot 10^6 \text{ [m]}}} = 7,70 \cdot 10^3 \text{ m/s} \quad v = \sqrt{\frac{G \cdot M}{r}}$$

b) O período calcúlase a partir da expresión da velocidade lineal no movemento circular uniforme:

$$v = \frac{2\pi \cdot R}{T} \Rightarrow T = \frac{2\pi \cdot r}{v} = \frac{2 \cdot 3,14 \cdot 6,72 \cdot 10^7 \text{ [m]}}{7,70 \cdot 10^3 \text{ [m/s]}} = 5,49 \cdot 10^3 \text{ s} = 1 \text{ h } 31 \text{ min}$$

c) A intensidade do campo gravitacional calcúlase substituíndo  $G \cdot M$  por  $g_0 \cdot R^2$ :

$$g_h = \frac{F_G}{m} = G \frac{M}{r^2} = \frac{g_0 \cdot R^2}{r^2} = \frac{9,81 \text{ [m/s}^2\text{]} \cdot (6,37 \cdot 10^6 \text{ [m]})^2}{(6,72 \cdot 10^6 \text{ [m]})^2} = 8,81 \text{ m/s}^2$$

Calcúlase a aceleración centrípeta:

$$a_N = \frac{v^2}{r} = \frac{(7,70 \cdot 10^3 \text{ [m/s]})^2}{6,72 \cdot 10^6 \text{ [m]}} = 8,81 \text{ m/s}^2$$

*Análise: O resultado ten que ser o mesmo porque a velocidade calcúlase supoñendo que a única forza sobre o satélite é a forza gravitacional e, pola 2.ª lei de Newton, igualando a forza gravitacional ao produto masa por aceleración centrípeta.*

9. Un satélite GPS describe órbitas circulares arredor da Terra, dando dúas voltas á Terra cada 24 h. Calcula:

- A altura da súa órbita sobre a superficie terrestre.
- A enerxía mecánica.
- O tempo que tardaría en dar unha volta á Terra se o facemos orbitar a unha altura dobre.

Datos:  $G = 6,67 \cdot 10^{-11} \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{kg}^{-2}$ ;  $M_T = 5,98 \cdot 10^{24} \text{ kg}$ ;  $R_T = 6,37 \cdot 10^6 \text{ m}$ ; masa do satélite = 150 kg.

(A.B.A.U. extr. 17)

**Rta.:** a)  $h = 2,02 \cdot 10^7 \text{ m}$ ; b)  $E = -1,12 \cdot 10^9 \text{ J}$ ; c)  $T_c = 28 \text{ h}$ .

### Datos

Frecuencia da órbita  
Raio da Terra  
Masa do satélite  
Masa da Terra  
Constante da gravitación universal

### Incógnitas

Altura da órbita  
Enerxía mecánica  
O período, se a altura fose o dobre

### Outros símbolos

Raio da órbita orixinal  
Valor da velocidade do satélite na órbita orixinal  
Novo raio da órbita

### Ecuacións

Lei de Newton da gravitación universal  
(forza que exerce un planeta esférico sobre un corpo puntual)  
2.ª lei de Newton da Dinámica

Velocidade lineal nun movemento circular uniforme de raio  $r$  e período  $T$

Aceleración normal dun obxecto que se move cunha velocidade lineal,  $v$ , nunha traxectoria circular de radio  $r$

Enerxía cinética dunha masa,  $m$ , que se move cunha velocidade,  $v$

Enerxía potencial gravitacional (referida ao infinito)

Enerxía mecánica

### Cifras significativas: 3

$f = 2$  voltas/24 h  
 $R = 6,37 \cdot 10^6 \text{ m}$   
 $m = 150 \text{ kg}$   
 $M = 5,98 \cdot 10^{24} \text{ kg}$   
 $G = 6,67 \cdot 10^{-11} \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{kg}^{-2}$

$h$

$E$

$T_c$

$r$

$v$

$r_c$

$$\vec{F}_G = -G \frac{M \cdot m}{r^2} \vec{u}_r$$

$$\Sigma \vec{F} = m \cdot \vec{a}$$

$$v = \frac{2\pi \cdot r}{T}$$

$$a_N = \frac{v^2}{r}$$

$$E_c = \frac{1}{2} m \cdot v^2$$

$$E_p = -G \frac{M \cdot m}{r}$$

$$E = E_c + E_p$$

**Solución:**

A forza gravitacional,  $\vec{F}_G$ , que exerce un astro de masa  $M$  sobre un satélite de masa  $m$  que xira arredor del nunha órbita de radio  $r$ , é unha forza central, está dirixida cara ao astro, e réxese pola lei de Newton da gravitación universal:

$$\vec{F}_G = -G \frac{M \cdot m}{r^2} \vec{u}_r$$

Nesta expresión,  $G$  é a constante da gravitación universal, e  $\vec{u}_r$ , o vector unitario na dirección da liña que une o astro co satélite. En módulos:

$$F_G = G \frac{M \cdot m}{r^2}$$

En moitos casos a traxectoria do satélite é practicamente circular arredor do centro do astro. Como a forza gravitacional é unha forza central, a aceleración só ten compoñente normal,  $a_N$ . Ao non ter aceleración tangencial, o módulo,  $v$ , da velocidade lineal é constante e o movemento é circular uniforme. A aceleración normal, nun movemento circular uniforme de raio  $r$ , obtense da expresión:

$$a_N = \frac{v^2}{r}$$

Como a forza gravitacional que exerce o astro sobre o satélite é moito maior que calquera outra, pódese considerar que é a única forza que actúa.

$$\Sigma \vec{F} = \vec{F}_G$$

A 2.ª lei de Newton di que a forza resultante sobre un obxecto produce unha aceleración directamente proporcional á forza, sendo a súa masa,  $m$ , a constante de proporcionalidade.

$$\Sigma \vec{F} = m \cdot \vec{a}$$

Expresada para os módulos, queda:

$$\begin{aligned} |\Sigma \vec{F}| &= m \cdot |\vec{a}| \\ F_G &= m \cdot a_N \end{aligned}$$

Substituíndo a expresión do módulo,  $F_G$ , da forza gravitacional, e a da aceleración normal, queda:

$$G \frac{M \cdot m}{r^2} = m \frac{v^2}{r}$$

Despexando a velocidade orbital do satélite, queda:

$$v = \sqrt{\frac{G \cdot M}{r}}$$

A velocidade nun movemento circular uniforme de raio  $r$  e período  $T$  é:

$$v = \frac{2\pi \cdot r}{T}$$

Igualando esta expresión coa anterior e elevando ao cadrado queda:

$$\left(\frac{2\pi \cdot r}{T}\right)^2 = \frac{G \cdot M}{r}$$

Agrupando termos:

$$4\pi^2 \cdot r^3 = G \cdot M \cdot T^2$$

a) Despéxase o raio da órbita,  $r$ , e substitúense valores:

$$r = \sqrt[3]{\frac{G \cdot M \cdot T^2}{4\pi^2}}$$

A frecuencia é a inversa do período. O período orbital calcúlase a partir da frecuencia:

$$T = \frac{1}{f} = \frac{24 \text{ h}}{2} = 12 \text{ h} = 4,32 \cdot 10^4 \text{ s}$$

Calcúlase o raio da órbita:

$$r = \sqrt[3]{\frac{G \cdot M \cdot T^2}{4\pi^2}} = \sqrt[3]{\frac{6,67 \cdot 10^{-11} [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{kg}^{-2}] \cdot 5,98 \cdot 10^{24} [\text{kg}] (4,32 \cdot 10^4 [\text{s}])^2}{4 \cdot 3,14^2}} = 2,66 \cdot 10^7 \text{ m}$$

Calcúlase a altura restando o raio da Terra ao raio da órbita:

$$h = r - R = 2,66 \cdot 10^7 - 6,37 \cdot 10^6 = 2,02 \cdot 10^7 \text{ m}$$

*Análise: Aínda que non se pode prever un valor, a altura obtida é positiva.*

b) Calcúlase a enerxía potencial:

$$E_p = -G \frac{M \cdot m}{r} = -\frac{6,67 \cdot 10^{-11} [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{kg}^{-2}] \cdot 5,98 \cdot 10^{24} [\text{kg}] \cdot 150 [\text{kg}]}{2,66 \cdot 10^7 [\text{m}]} = -2,25 \cdot 10^9 \text{ J}$$

Calcúlase a enerxía cinética, substituíndo  $v^2$  por  $GM/r$ :

$$E_c = \frac{1}{2} m v^2 = \frac{1}{2} G \frac{M \cdot m}{r} = 1,12 \cdot 10^9 \text{ J}$$

A enerxía cinética é a metade e de signo contrario que a enerxía potencial.

A enerxía (mecánica) total é a suma das enerxías cinética e potencial, e vale o mesmo que a enerxía cinética, pero é negativa.

$$E = E_c + E_p = 1,12 \cdot 10^9 [\text{J}] - 2,25 \cdot 10^9 [\text{J}] = -1,12 \cdot 10^9 \text{ J}$$

c) Se a altura fose o dobre, o novo raio da órbita valería:

$$r_c = R + 2h = 6,37 \cdot 10^6 + 2 \cdot 2,0 \cdot 10^7 = 4,7 \cdot 10^7 \text{ m}$$

A velocidade do satélite valería:

$$v = \sqrt{\frac{G \cdot M}{r}} = \sqrt{\frac{6,67 \cdot 10^{-11} [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{kg}^{-2}] \cdot 5,98 \cdot 10^{24} [\text{kg}]}{4,7 \cdot 10^7 [\text{m}]}} = 2,9 \cdot 10^3 \text{ m/s} = 2,9 \text{ km/s}$$

O período calcúlase a partir da expresión da velocidade lineal no movemento circular uniforme:

$$v = \frac{2\pi \cdot R}{T} \Rightarrow T = \frac{2\pi \cdot r}{v} = \frac{2 \cdot 3,14 \cdot 4,7 \cdot 10^7 [\text{m}]}{2,9 \cdot 10^3 [\text{m/s}]} = 1,0 \cdot 10^5 \text{ s} = 28 \text{ h}$$

*Análise: O período dun satélite aumenta coa altura. O valor obtido é maior que o da altura inicial.*

10. Un astronauta está no interior dunha nave espacial que describe unha órbita circular de raio  $2 R_T$ .  
Calcula:

- A velocidade orbital da nave.
- A aceleración da gravidade na órbita da nave.
- Se nun instante dado, pasa á beira da nave espacial un obxecto de 60 kg en dirección á Terra cunha velocidade de  $40 \text{ m} \cdot \text{s}^{-1}$ , acha a velocidade do obxecto ao chegar á superficie terrestre.

Datos:  $R_T = 6370 \text{ km}$ ;  $g = 9,81 \text{ m} \cdot \text{s}^{-2}$ .

(A.B.A.U. ord. 17)

**Rta.:** a)  $v = 5,59 \text{ km/s}$ ; b)  $g_h = 2,45 \text{ m/s}^2$ ; c)  $v_2 = 7,91 \cdot 10^3 \text{ m/s}$ .

#### Datos

Raio da órbita

Raio da Terra

Aceleración da gravidade na superficie da Terra

Masa do obxecto

Velocidade do obxecto ao pasar xunto á nave

#### Incógnitas

#### Cifras significativas: 3

$r = 2 \cdot R$

$R = 6370 \text{ km} = 6,37 \cdot 10^6 \text{ m}$

$g_0 = 9,81 \text{ m/s}^2$

$m = 60,0 \text{ kg}$

$v_0 = 40,0 \text{ m/s}$

Valor da velocidade da nave espacial na súa órbita arredor da Terra	$v$
Aceleración da gravidade na órbita da nave.	$g_h$
Valor da velocidade do obxecto ao chegar á superficie terrestre.	$v_2$
<b>Outros símbolos</b>	
Masa da Terra	$M$
Constante da gravitación universal	$G$
<b>Ecuacións</b>	
Lei de Newton da gravitación universal (forza que exerce un planeta esférico sobre un corpo puntual)	$\vec{F}_G = -G \frac{M \cdot m}{r^2} \vec{u}_r$
2.ª lei de Newton da Dinámica	$\Sigma \vec{F} = m \cdot \vec{a}$
Velocidade lineal nun movemento circular uniforme de raio $r$ e período $T$	$v = \frac{2\pi \cdot r}{T}$
Aceleración normal dun obxecto que se move cunha velocidade lineal, $v$ , nunha traxectoria circular de radio $r$	$a_N = \frac{v^2}{r}$
Energía cinética dunha masa, $m$ , que se move cunha velocidade, $v$	$E_c = \frac{1}{2} m \cdot v^2$
Energía potencial gravitacional (referida ao infinito)	$E_p = -G \frac{M \cdot m}{r}$
Energía mecánica	$E = E_c + E_p$

**Solución:**

A forza gravitacional,  $\vec{F}_G$ , que exerce un astro de masa  $M$  sobre un satélite de masa  $m$  que xira arredor del nunha órbita de radio  $r$ , é unha forza central, está dirixida cara ao astro, e réxese pola lei de Newton da gravitación universal:

$$\vec{F}_G = -G \frac{M \cdot m}{r^2} \vec{u}_r$$

Nesta expresión,  $G$  é a constante da gravitación universal, e  $\vec{u}_r$ , o vector unitario na dirección da liña que une o astro co satélite. En módulos:

$$F_G = G \frac{M \cdot m}{r^2}$$

En moitos casos a traxectoria do satélite é practicamente circular arredor do centro do astro. Como a forza gravitacional é unha forza central, a aceleración só ten compoñente normal,  $a_N$ . Ao non ter aceleración tanxencial, o módulo,  $v$ , da velocidade lineal é constante e o movemento é circular uniforme.

A aceleración normal, nun movemento circular uniforme de raio  $r$ , obtense da expresión:

$$a_N = \frac{v^2}{r}$$

Como a forza gravitacional que exerce o astro sobre o satélite é moito maior que calquera outra, pódese considerar que é a única forza que actúa.

$$\Sigma \vec{F} = \vec{F}_G$$

A 2.ª lei de Newton di que a forza resultante sobre un obxecto produce unha aceleración directamente proporcional á forza, sendo a súa masa,  $m$ , a constante de proporcionalidade.

$$\Sigma \vec{F} = m \cdot \vec{a}$$

Expresada para os módulos, queda:

$$|\Sigma \vec{F}| = m \cdot |\vec{a}|$$

$$F_G = m \cdot a_N$$

Substituíndo a expresión do módulo,  $F_G$ , da forza gravitacional, e a da aceleración normal, queda:

$$G \frac{M \cdot m}{r^2} = m \frac{v^2}{r}$$

Despexando a velocidade orbital do satélite, queda:

$$v = \sqrt{\frac{G \cdot M}{r}}$$

Cando non se teñen os datos da constante da gravitación universal,  $G$ , ou da masa do astro,  $M$ , pero si do valor da aceleración da gravidade na súa superficie, pódese encontrar unha relación entre elas, usando que, na superficie do astro, o peso dun corpo,  $m \cdot g_0$ , é igual á forza gravitacional:

$$m g_0 = G \frac{M \cdot m}{R^2}$$

$R$  representa o raio de astro e  $g_0$  o valor da aceleración da gravidade na súa superficie.

A relación é:

$$G \cdot M = g_0 \cdot R^2$$

a) Cálculase a velocidade orbital substituíndo  $G \cdot M$  por  $g_0 \cdot R^2$ .

$$v = \sqrt{\frac{G \cdot M}{r}} = \sqrt{\frac{g_0 \cdot R^2}{r}} = \sqrt{\frac{g_0 \cdot R^2}{2 \cdot R}} = \sqrt{\frac{g_0 \cdot R}{2}} = \sqrt{\frac{9,81 \text{ [m/s}^2\text{]} \cdot 6,37 \cdot 10^6 \text{ [m]}}{2}} = 5,59 \cdot 10^3 \text{ m/s} = 5,59 \text{ km/s}$$

*Análise: Agárdase que un obxecto que se mova arredor da Terra teña unha velocidade duns poucos km/s. O resultado de 5,59 km/s está de acordo con esta suposición.*

b) Cálculase a aceleración da gravidade na órbita da nave a partir da 2.<sup>a</sup> lei de Newton, substituíndo  $G \cdot M$  por  $g_0 \cdot R^2$ , e o raio,  $r$ , da órbita, por  $2 R$ :

$$\Sigma \vec{F} = m \cdot \vec{a} \Rightarrow F_G = m \cdot g \Rightarrow g = \frac{F_G}{m} = \frac{G \frac{M \cdot m}{r^2}}{m} = \frac{G M}{r^2} = \frac{g_0 \cdot R^2}{(2 \cdot R)^2} = \frac{g_0}{4} = \frac{9,81 \text{ m/s}^2}{4} = 2,45 \text{ m/s}^2$$

c) Como a forza gravitacional é unha forza conservativa, a enerxía mecánica, suma das enerxías cinética e potencial, consérvase.

Cálculase a enerxía potencial do obxecto ando pasa xunto á nave espacial:

$$E_{p1} = -G \frac{M \cdot m}{r} = -\frac{g_0 \cdot R^2 \cdot m}{2 \cdot R} = -\frac{g_0 \cdot R \cdot m}{2} = -\frac{9,81 \text{ [m/s}^2\text{]} \cdot 6,37 \cdot 10^6 \text{ [m]} \cdot 60,0 \text{ [kg]}}{2} = -1,87 \cdot 10^9 \text{ J}$$

Cálculase a súa enerxía cinética:

$$E_{c1} = m \cdot v_0^2 / 2 = 60,0 \text{ [kg]} \cdot (40,0 \text{ [m/s]})^2 / 2 = 4,80 \cdot 10^4 \text{ J}$$

A enerxía mecánica do obxecto cando pasa xunto á nave espacial é a suma das súas enerxías cinética e potencial:

$$E = E_{c1} + E_{p1} = 4,80 \cdot 10^4 \text{ [J]} + (-1,87 \cdot 10^9 \text{ [J]}) = -1,87 \cdot 10^9 \text{ J}$$

Cálculase a enerxía potencial do obxecto cando chega á superficie da Terra:

$$E_{p2} = -G \frac{M \cdot m}{r} = -\frac{g_0 \cdot R^2 \cdot m}{R} = -g_0 \cdot R \cdot m = -9,81 \text{ [m/s}^2\text{]} \cdot 6,37 \cdot 10^6 \text{ [m]} \cdot 60,0 \text{ [kg]} = -3,75 \cdot 10^9 \text{ J}$$

Cálculase a enerxía cinética do obxecto cando chega á superficie da Terra aplicando o principio de conservación da enerxía:

$$E_{c2} = E - E_{p2} = (-1,87 \cdot 10^9 \text{ [J]}) - (-3,75 \cdot 10^9 \text{ [J]}) = 1,87 \cdot 10^9 \text{ J}$$

Cálculase a velocidade do obxecto ao chegar á superficie da Terra a partir da súa enerxía cinética:

$$E_c = \frac{1}{2} m \cdot v^2 \Rightarrow v = \sqrt{\frac{2 \cdot E_{c2}}{m}} = \sqrt{\frac{2 \cdot 1,87 \cdot 10^9 \text{ [J]}}{60,0 \text{ [kg]}}} = 7,91 \cdot 10^3 \text{ m/s}$$

## ● Campo gravitacional

1. Unha nave sitúa un obxecto de 20 kg de masa entre a Terra e o Sol nun punto onde a forza gravitacional neta sobre o obxecto é nula. Calcula nese punto:

- a) A distancia do obxecto ao centro da Terra.  
 b) A aceleración da Terra debida á forza que o obxecto exerce sobre ela.  
 DATOS:  $G = 6,67 \times 10^{-11} \text{ N}\cdot\text{m}^2\cdot\text{kg}^{-2}$ ;  $M(\text{T}) = 5,98 \times 10^{24} \text{ kg}$ ;  $M(\text{S}) = 2,00 \times 10^{30} \text{ kg}$ ;  
 distancia Terra-Sol =  $1,50 \times 10^{11} \text{ m}$ .  
**Rta.:** a)  $r = 2,59 \cdot 10^8 \text{ m}$ ; b)  $a = 1,99 \cdot 10^{-26} \text{ m/s}^2$ .

(A.B.A.U. ord. 24)

**Datos**

Masa da Terra  
 Masa do Sol  
 Masa do obxecto  
 Distancia Terra-Sol  
 Constante da gravitación universal

**Cifras significativas: 3**

$M(\text{T}) = 5,98 \cdot 10^{24} \text{ kg}$   
 $M(\text{S}) = 2,00 \cdot 10^{30} \text{ kg}$   
 $m = 20,0 \text{ kg}$   
 $d = 1,50 \cdot 10^{11} \text{ m}$   
 $G = 6,67 \cdot 10^{-11} \text{ N}\cdot\text{m}^2\cdot\text{kg}^{-2}$

**Incógnitas**

Distancia do obxecto ao centro da Terra.  
 Aceleración da Terra debida á forza que o obxecto exerce sobre ela

$r$   
 $a$

**Ecuacións**

Lei de Newton da gravitación universal.  
 (Forza entre corpos esféricos ou puntuais)  
 2.ª lei de Newton da Dinámica

$$\vec{F} = -G \frac{M \cdot m}{r^2} \vec{u}_r$$

$$\Sigma \vec{F} = m \cdot \vec{a}$$


**Solución:**

a) A forza de atracción gravitacional entre dúas masas puntuais ou esféricas,  $M$  e  $m$ , vén dada pola lei da gravitación de Newton.  $G$  é a constante da gravitación universal e  $\vec{u}_r$  o vector unitario na liña que une as masas.

$$\vec{F} = -G \frac{M \cdot m}{r^2} \vec{u}_r$$

Escríbese a ecuación da forza gravitacional sobre o obxecto, que é nula;

$$-G \frac{M(\text{S}) \cdot m}{(d-r)^2} \vec{u}_{r,S} + \left( -G \frac{M(\text{T}) \cdot m}{r^2} \vec{u}_{r,T} \right) = \vec{0}$$



Elíxese un sistema de coordenadas coa Terra na orixe, porque o punto onde se anula a forza ten que estar moito máis cerca da Terra que do Sol, que ten unha masa moito maior. O Sol sitúase no sentido positivo do eixe X.

O vector unitario da posición do Sol neste sistema  $\vec{u}_{r,S}$  é o vector  $\vec{i}$ , unitario do eixe X en sentido positivo. O vector unitario da Terra  $\vec{u}_{r,T}$ , tomando o Sol coma orixe, é o vector unitario contrario  $-\vec{i}$ .

Substitúense os vectores unitarios na ecuación e reordenase:

$$-G \frac{M(\text{S}) \cdot m}{(d-r)^2} \vec{i} + \left( -G \frac{M(\text{T}) \cdot m}{r^2} (-\vec{i}) \right) = 0 \vec{i}$$

$$-G \frac{M(\text{S}) \cdot m}{(d-r)^2} + G \frac{M(\text{T}) \cdot m}{r^2} = 0$$

$$\frac{M(\text{S})}{(d-r)^2} = \frac{M(\text{T})}{r^2} \Rightarrow (d-r)^2 = \frac{M(\text{S})}{M(\text{T})} r^2 \Rightarrow d-r = \sqrt{\frac{M(\text{S})}{M(\text{T})}} r \Rightarrow d = r \left( 1 + \sqrt{\frac{M(\text{S})}{M(\text{T})}} \right)$$

Despéxase  $r$  e substitúense os valores:

$$r = \frac{d}{1 + \sqrt{\frac{M(S)}{M(T)}}} = \frac{1,50 \cdot 10^{11} \text{ [m]}}{1 + \sqrt{\frac{2,00 \cdot 10^{30} \text{ [kg]}}{5,98 \cdot 10^{24} \text{ [kg]}}}} = 2,59 \cdot 10^8 \text{ m}$$

*Análise:* A distancia obtida é moito menor que a que hai entre o Sol e a Terra e o punto sitúase cerca da Terra.

b) Aplícase a 2.ª lei de Newton da Dinámica en módulos e despéxase a aceleración que produce a masa de 20 kg sobre o planeta Terra:

$$a = \frac{F}{M(T)} = \frac{G \frac{m \cdot M(T)}{r^2}}{M(T)} = G \frac{m}{r^2} = 6,667 \cdot 10^{-11} \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{kg}^{-2}] \frac{20 \text{ [kg]}}{(2,59 \cdot 10^8 \text{ [m]})^2} = 1,99 \cdot 10^{-26} \text{ m/s}^2$$

2. A masa do planeta Marte é 0,107 veces a masa da Terra e o seu raio é 0,533 veces o raio da Terra. Calcula:

a) O tempo que tarda un obxecto en chegar á superficie de Marte se se deixa caer desde unha altura de 50 m.

b) A velocidade de escape dese obxecto desde a superficie do planeta.

Datos:  $g = 9,81 \text{ m} \cdot \text{s}^{-2}$ ;  $R_T = 6,37 \cdot 10^6 \text{ m}$ .

(A.B.A.U. ord. 21)

**Rta.:** a)  $t = 5,21 \text{ s}$ ; b)  $v_e = 5,01 \cdot 10^3 \text{ m/s}$ .

### Datos

Masa de Marte

Raio de Marte

Altura desde a que se deixa caer

Aceleración da gravidade na Terra

Raio da Terra

### Cifras significativas: 3

$$M_M = 0,107 M_T$$

$$R_M = 0,533 R_T$$

$$h = 50,0 \text{ m}$$

$$g_0 = 9,81 \text{ m/s}^2$$

$$R_T = 6,37 \cdot 10^6 \text{ m}$$

### Incógnitas

Tempo que tarda en caer á superficie de Marte desde unha altura de 50 m

$t$

Velocidade de escape en Marte

$v_e$

### Outros símbolos

Masa da Terra

$M_T$

Constante da gravitación universal

$G$

### Ecuacións

Lei de Newton da gravitación universal, en módulos.

$$F_G = G \frac{M \cdot m}{r^2}$$

(forza que exerce un planeta esférico sobre un corpo puntual)

Peso dun obxecto de masa  $m$  na superficie dun planeta cuxa aceleración da gravidade é  $g_0$

$$P = m \cdot g_0$$

Ecuación da caída libre (movemento uniformemente acelerado)

$$h = v_0 \cdot t + \frac{1}{2} g \cdot t^2$$

Energía cinética dunha masa,  $m$ , que se move cunha velocidade,  $v$

$$E_c = \frac{1}{2} m \cdot v^2$$

Energía potencial gravitacional (referida ao infinito)

$$E_p = -G \frac{M \cdot m}{r}$$

Energía mecánica

$$E = E_c + E_p$$

### Solución:

a) Hai que calcular o valor da gravidade na superficie de Marte.

O peso dun obxecto preto da superficie da Terra é a forza coa que a Terra o atrae:

$$m \cdot g_T = G \frac{M_T \cdot m}{R_T^2}$$

Analogamente, o peso dun obxecto preto da superficie de Marte é a forza coa que a Marte o atrae:

$$m \cdot g_M = G \frac{M_M \cdot m}{R_M^2}$$

Dividindo a segunda ecuación entre a primeira, queda:

$$\frac{m \cdot g_M}{m \cdot g_T} = \frac{G \frac{M_M \cdot m}{R_M^2}}{G \frac{M_T \cdot m}{R_T^2}}$$

$$\frac{g_M}{g_T} = \frac{M_M / M_T}{(R_M / R_T)^2} = \frac{0,107}{0,533^2} = 0,375$$

Despexando:

$$g_M = 3,69 \text{ m/s}^2$$

*Análise: O resultado é razoable, xa que sabemos que a gravidade na superficie de Marte é unhas 3 veces menor que na superficie da Terra.*

Calcúlase o tempo da ecuación da caída libre, sen velocidade inicial:

$$h = \frac{1}{2} g \cdot t^2 \Rightarrow t = \sqrt{\frac{2 \cdot h}{g_M}} = \sqrt{\frac{2 \cdot 50,0}{3,69}} = 5,21 \text{ s}$$

b)

A velocidade de escape dun astro é a velocidade mínima adicional que habería que comunicar a un corpo sometido ó seu campo gravitacional, para situalo nun punto no que non estea sometido a devandita atracción, a unha distancia infinita do centro del astro.

A velocidade de escape proporcionaríalle a enerxía,  $\Delta E$ , necesaria para situalo no infinito.

$$\Delta E = (E_c + E_p)_\infty - (E_c + E_p)_1$$

No infinito a enerxía potencial é nula, porque tómase coma orixe de enerxías potenciais.

Tendo en conta que velocidade de escape é a velocidade mínima, a enerxía cinética que tería o obxecto no infinito sería nula.

A enerxía mecánica, suma das enerxías cinética e potencial, no infinito sería nula:

$$E_\infty = (E_c + E_p)_\infty = 0 + 0 = 0$$

A enerxía potencial dun corpo de masa  $m$  situado na superficie dun astro de masa  $M$  e radio  $R$  é:

$$E_p = -G \frac{M \cdot m}{R}$$

Se o corpo atópase na superficie do astro, en repouso respecto do chan, a súa enerxía cinética é nula.

A enerxía mecánica na superficie do astro sería:

$$E_s = (E_c + E_p)_s = 0 + \left(-G \frac{M \cdot m}{R}\right) = -G \frac{M \cdot m}{R}$$

A velocidade de escape  $v_e$  comunicaríalle a enerxía  $\Delta E$  necesaria para situalo no infinito.

$$\Delta E = \frac{1}{2} m \cdot v_e^2 = (E_c + E_p)_\infty - (E_c + E_p)_s$$

$$\frac{1}{2} m v_e^2 = 0 - \left(-G \frac{M \cdot m}{R}\right) = G \frac{M \cdot m}{R}$$

Despexando a velocidade de escape, queda:

$$v_e = \sqrt{2 G \frac{M}{R}}$$

Cando non se teñen os datos da constante da gravitación universal,  $G$ , ou da masa do astro,  $M$ , pero si do valor da aceleración da gravidade na súa superficie, pódese encontrar unha relación entre elas, usando que, na superficie do astro, o peso dun corpo,  $m \cdot g_0$ , é igual á forza gravitacional:

$$m g_0 = G \frac{M \cdot m}{R^2}$$

$R$  representa o raio de astro e  $g_0$  o valor da aceleración da gravidade na súa superficie.



A relación é:

$$G \cdot M = g_0 \cdot R^2$$

Hai que calcular tamén o raio de Marte:

$$R_M = 0,533 R_T = 0,533 \cdot 6,37 \cdot 10^6 \text{ [m]} = 3,40 \cdot 10^6 \text{ m}$$

Calcúlase a velocidade de escape substituíndo  $G \cdot M$  por  $g_0 \cdot R^2$ .

$$v_c = \sqrt{\frac{2 g_0 \cdot R_M^2}{R_M}} = \sqrt{2 g_0 \cdot R_M} = \sqrt{2 \cdot 3,69 \text{ [m/s}^2\text{]} \cdot (3,40 \cdot 10^6 \text{ [m]})^2} = 5,01 \cdot 10^3 \text{ m/s} = 5,01 \text{ km/s}$$

3. Un meteorito de 150 kg de masa achégase á Terra e acada unha velocidade de 30 km·s<sup>-1</sup> cando está a unha altura sobre a superficie da Terra igual a 6 veces o raio desta. Calcula:

- O seu peso a esa altura.
- A súa enerxía mecánica a esa altura.

Datos:  $G = 6,67 \cdot 10^{-11} \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{kg}^{-2}$ ;  $M(T) = 5,98 \cdot 10^{24} \text{ kg}$ ;  $R(T) = 6,37 \cdot 10^6 \text{ m}$ .

(A.B.A.U. ord. 20)

**Rta.:** a)  $P_h = 30,1 \text{ N}$ ; b)  $E = 6,61 \cdot 10^{10} \text{ J}$ .

### Datos

Raio da Terra  
Masa da Terra  
Constante da gravitación universal  
Masa do meteorito  
Velocidade do meteorito  
Altura

### Cifras significativas: 3

$R = 6,37 \cdot 10^6 \text{ m}$   
 $M = 5,98 \cdot 10^{24} \text{ kg}$   
 $G = 6,67 \cdot 10^{-11} \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{kg}^{-2}$   
 $m = 150 \text{ kg}$   
 $v = 30,0 \text{ km} \cdot \text{s}^{-1} = 3,00 \cdot 10^4 \text{ m/s}$   
 $h = 6 R = 3,82 \cdot 10^7 \text{ m}$

### Incógnitas

Peso do meteorito a esa altura = forza gravitacional que actúa sobre el  
Enerxía mecánica do meteorito a esa altura

$P_h$   
 $E$

### Outros símbolos

Raio da órbita

$r$

### Ecuacións

Lei de Newton da gravitación universal, en módulos.  
(forza que exerce un planeta esférico sobre un corpo puntual)  
Enerxía cinética dunha masa,  $m$ , que se move cunha velocidade,  $v$

$$F_G = G \frac{M m}{r^2}$$

$$E_c = \frac{1}{2} m \cdot v^2$$

$$E_p = -G \frac{M \cdot m}{r}$$

Enerxía potencial gravitacional (referida ao infinito)

$$E = E_c + E_p$$

Enerxía mecánica

### Solución:

a) Calcúlase a distancia do meteorito coa Tera:

$$r = R + h = R + 6 R = 7 R = 7 \cdot 6,37 \cdot 10^6 \text{ [m]} = 4,46 \cdot 10^7 \text{ m}$$

Calcúlase o peso, que é a forza gravitacional:

$$P_h = F_G = G \frac{M \cdot m}{r^2} = \frac{6,67 \cdot 10^{-11} \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{kg}^{-2}\text{]} \cdot 5,98 \cdot 10^{24} \text{ [kg]} \cdot 150 \text{ [kg]}}{(4,46 \cdot 10^7 \text{ [m]})^2} = 30,1 \text{ N}$$

b) Calcúlase a enerxía potencial:

$$E_p = -G \frac{M \cdot m}{r} = -\frac{6,67 \cdot 10^{-11} \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{kg}^{-2}\text{]} \cdot 5,98 \cdot 10^{24} \text{ [kg]} \cdot 150 \text{ [kg]}}{4,46 \cdot 10^7 \text{ [m]}} = -1,34 \cdot 10^9 \text{ J}$$

Calcúlase a enerxía cinética:

$$E_c = m \cdot v^2 / 2 = 150 \text{ [kg]} \cdot (3,00 \cdot 10^4 \text{ [m/s]})^2 / 2 = 6,75 \cdot 10^{10} \text{ J}$$

A enerxía mecánica é a suma das enerxías cinética e potencial.

$$E = E_c + E_p = 6,75 \cdot 10^{10} \text{ [J]} + (-1,34 \cdot 10^9 \text{ [J]}) = 6,61 \cdot 10^{10} \text{ J}$$

## ● Masas puntuais

1. Considera dúas masas de 2 kg e 4 kg fixas sobre o eixe  $X$  na orixe e a  $x = 6$  m, respectivamente. Calcula:

- As coordenadas dun punto no que o campo gravitacional resultante valla cero.
- O potencial gravitacional en  $x = 2$  m.
- O traballo realizado pola forza do campo gravitacional para levar unha masa de 6 kg desde ese punto ata o infinito. Interpreta o signo do resultado.

Dato:  $G = 6,67 \cdot 10^{-11} \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{kg}^{-2}$ .

(A.B.A.U. extr. 19)

Rta.: a)  $x = 2,48$  m; b)  $V = -1,3 \cdot 10^{-10} \text{ J/kg}$ ; c)  $W = -8,0 \cdot 10^{-10} \text{ J}$ .

### Datos

Masa na orixe

Masa no eixo  $X$

Coordenada  $x$  da masa na orixe

Coordenada  $x$  da masa no eixo  $X$

Coordenada  $x$  para calcular o potencial

Masa que se leva ao infinito

Constante da gravitación universal

### Cifras significativas: 3

$M_0 = 2,00 \text{ kg}$

$M_1 = 4,00 \text{ kg}$

$x_0 = 0 \text{ m}$

$x_1 = 6,00 \text{ m}$

$x_2 = 2,00 \text{ m}$

$m = 6,00 \text{ kg}$

$G = 6,67 \cdot 10^{-11} \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{kg}^{-2}$

### Incógnitas

Coordenadas dun punto no que o campo gravitacional resultante valla cero

$x, y$

Potencial gravitacional en  $x = 2$  m

$V_2$

Traballo da forza do campo para levar 6 kg desde  $x = 2$  m ata o infinito

$W$

### Ecuacións

Lei de Newton da gravitación universal

$$\vec{F}_G = -G \frac{M \cdot m}{r^2} \vec{u}_r$$

(forza que exerce cada masa puntual sobre cada unha das outras)

Intensidade do campo gravitacional que exerce unha masa  $M$  puntual nun punto a unha distancia  $r$

$$\vec{g} = \frac{\vec{F}_G}{m} = -G \frac{M}{r^2} \vec{u}_r$$

Potencial gravitacional nun punto debido a unha masa  $M$  que dista  $r$  do punto

$$V = -G \frac{M}{r}$$

Energía potencial gravitacional (referida ao infinito)

$$E_p = m \cdot V = -G \frac{M \cdot m}{r}$$

Traballo do campo cando se despraza unha masa desde o punto 1 ao punto 2

$$W_{1 \rightarrow 2} = E_{p1} - E_{p2} = -\Delta E_p$$

### Solución:

a) O punto deberá estar no eixe  $X$  entre as dúas masas.

A súa coordenada  $y$  será  $y = 0$ .

O principio de superposición di que a intensidade de campo gravitacional nun punto, debido á presenza de varias masas, é a suma vectorial dos campos producidos nese punto por cada masa, coma se o resto das masas non estivese presente.


Para determinar o campo nun punto, calcúlanse os campos creados nese punto por cada masa, e despois súmanse os vectores.

A forza de atracción gravitacional entre dúas masas puntuais ou esféricas,  $M$  e  $m$ , vén dada pola lei da gravitación de Newton.  $G$  é a constante da gravitación universal e  $\vec{u}_r$  o vector unitario na liña que une as masas.

$$\vec{F} = -G \frac{M \cdot m}{r^2} \vec{u}_r$$

O campo gravitacional nun punto situado a unha distancia,  $r$ , dunha masa puntual,  $M$ , é a forza sobre a unidade de masa situada nese punto.

$$\vec{g} = \frac{\vec{F}}{m} = \frac{-G \frac{M \cdot m}{r^2} \vec{u}_r}{m} = -G \frac{M}{r^2} \vec{u}_r$$



Para calcular a súa coordenada  $x$ , escríbense as expresións dos campos gravitacionais creados nese punto polas masas, e aplícase a condición de que o campo resultante é nulo.

O campo gravitacional nese punto creado pola masa situada na orixe é:

$$\vec{g}_0 = -G \frac{M_0}{r_0^2} \vec{u}_r = -6,67 \cdot 10^{-11} [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{kg}^{-2}] \frac{2,00 [\text{kg}]}{x^2} \vec{i} = \frac{-1,33 \cdot 10^{-10}}{x^2} \vec{i} \text{ m/s}^2$$

O campo gravitacional nese punto creado pola masa situada en  $x_1 = 6$  [m] é:

$$\vec{g}_1 = -G \frac{M_1}{r_1^2} \vec{u}_r = -6,67 \cdot 10^{-11} [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{kg}^{-2}] \frac{4,00 [\text{kg}]}{(6,00 - x)^2} (-\vec{i}) = \frac{2,67 \cdot 10^{-10}}{(6,00 - x)^2} \vec{i} \text{ m/s}^2$$

Polo principio de superposición, o campo gravitacional é a suma vectorial dos dous campos.

$$\begin{aligned} \vec{g} &= \vec{g}_0 + \vec{g}_1 = \vec{0} \\ \frac{-1,33 \cdot 10^{-10}}{x^2} + \frac{2,67 \cdot 10^{-10}}{(6,00 - x)^2} &= 0 \\ \frac{(6,00 - x)^2}{x^2} &= \frac{2,67 \cdot 10^{-10}}{1,33 \cdot 10^{-10}} = 2,00 \\ 6,00 - x &= \pm \sqrt{2,00} x \\ x &= \frac{6,00}{1 + \sqrt{2,00}} = 2,48 \text{ m} \end{aligned}$$

*Análise:* A solución é aceptable, posto que se atopa entre as dúas masas. A outra solución,

$x = \frac{6,00}{1 - \sqrt{2,00}} = -14,5 \text{ m}$  estaría nun punto no que ambos os campos serían do mesmo sentido e non se anuláran.

O potencial gravitacional nun punto, debido á presenza de varias masas, é a suma dos potenciais producidos nese punto por cada masa, coma se o resto das masas non estivese presente.

Para determinar o potencial gravitacional nun punto, calcúlanse os potenciais creados nese punto por cada masa, e despois súmanse.

A ecuación do potencial gravitacional,  $V$ , nun punto situado a unha distancia,  $r$ , dunha masa puntual,  $Q$ , é:

$$V = -G \frac{M}{r}$$

$G$  é a constante da gravitación universal.

b) Calcúlase o potencial gravitacional no punto  $x = 2$  [m] creado pola masa situada na orixe:

$$V_0 = -G \frac{M_0}{r_0} = -6,67 \cdot 10^{-11} [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{kg}^{-2}] \frac{2,00 [\text{kg}]}{2,00 [\text{m}]} = -6,67 \cdot 10^{-11} \text{ J/kg}$$

Calcúlase o potencial gravitacional no punto  $x = 2$  [m] creado pola masa situada no punto  $x = 6$  [m]:

$$V_1 = -G \frac{M_1}{r_1} = -6,67 \cdot 10^{-11} [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{kg}^{-2}] \frac{4,00 [\text{kg}]}{6,00 - 2,00 [\text{m}]} = -6,67 \cdot 10^{-11} \text{ J/kg}$$

O potencial gravitacional é a suma.

$$V = V_0 + V_1 = (-6,67 \cdot 10^{-11} [\text{J/kg}]) + (-6,67 \cdot 10^{-11} [\text{J/kg}]) = -1,33 \cdot 10^{-10} \text{ J/kg}$$

O campo gravitacional é un campo conservativo, porque o traballo realizado pola forza do campo, cando unha masa se move entre dous puntos, é independente do camiño seguido e depende só dos puntos inicial e final. Defínese unha función escalar chamada enerxía potencial,  $E_p$ , asociada ao campo vectorial de forzas, de tal xeito que o traballo realizado pola forza do campo ao mover unha masa entre dous puntos é igual á variación da enerxía potencial entre estes dous puntos, cambiada de signo.

$$W = -\Delta E_p$$

Tamén se define outra magnitude escalar, chamada potencial gravitacional, que é igual á enerxía potencial da unidade de masa.

$$V = \frac{E_p}{m}$$

O traballo realizado pola forza de campo, cando unha masa se move do punto A ao punto B, é:

$$W_{A \rightarrow B} = -\Delta E_p = -(E_{pB} - E_{pA}) = (E_{pA} - E_{pB}) = m \cdot V_A - m \cdot V_B = m (V_A - V_B)$$

c) Por definición, a enerxía potencial (e o potencial) no infinito é nula, polo que o traballo da resultante das forzas gravitacionais cando se leva a masa en  $x = 2$  [m] ata o infinito é:

$$W_{2 \rightarrow \infty} = -\Delta E_p = -(E_{p\infty} - E_{p2}) = E_{p2} - E_{p\infty} = E_{p2} = m \cdot V_2 = 6,00 \text{ [kg]} \cdot (-1,33 \cdot 10^{-10} \text{ [J/kg]}) = -8,00 \cdot 10^{-10} \text{ J}$$

O traballo das forzas gravitacionais é negativo, (a forza do campo opónse ao desprazamento cara ao infinito) e o traballo deberá facelo algunha forza externa.

Actualizado: 23/09/24

## ◇ CUESTIÓNS

### ● Satélites.

1. Sexa  $v_e$  a velocidade de escape dun corpo situado na superficie da Terra. A velocidade de escape do corpo, se este se sitúa inicialmente a unha altura medida desde a superficie igual a dous radios terrestres, será:
  - A)  $v_e / 3$
  - B)  $v_e / 2$
  - C)  $v_e / \sqrt{3}$ .

(A.B.A.U. extr. 24)

**Solución:** C

A velocidade de escape dun astro é a velocidade mínima adicional que habería que comunicar a un corpo sometido ó seu campo gravitacional, para situalo nun punto no que non estea sometido a devandita atracción, a unha distancia infinita do centro del astro.

A velocidade de escape proporcionaríalle a enerxía,  $\Delta E$ , necesaria para situalo no infinito.

$$\Delta E = (E_c + E_p)_\infty - (E_c + E_p)_1$$

No infinito a enerxía potencial é nula, porque tómase coma orixe de enerxías potenciais.

Tendo en conta que velocidade de escape é a velocidade mínima, a enerxía cinética que tería o obxecto no infinito sería nula.

A enerxía mecánica, suma das enerxías cinética e potencial, no infinito sería nula:

$$E_\infty = (E_c + E_p)_\infty = 0 + 0 = 0$$

A enerxía potencial dun corpo de masa  $m$  situado na superficie dun astro de masa  $M$  e radio  $R$  é:

$$E_p = -G \frac{M \cdot m}{R}$$

Se o corpo atópase na superficie do astro, en repouso respecto do chan, a súa enerxía cinética é nula.

A enerxía mecánica na superficie do astro sería:

$$E_s = (E_c + E_p)_s = 0 + \left( -G \frac{M \cdot m}{R} \right) = -G \frac{M \cdot m}{R}$$

A velocidade de escape  $v_e$  comunicaríalle a enerxía  $\Delta E$  necesaria para situalo no infinito.

$$\Delta E = \frac{1}{2} m \cdot v_e^2 = (E_c + E_p)_\infty - (E_c + E_p)_s$$

$$\frac{1}{2} m v_e^2 = 0 - \left( -G \frac{M \cdot m}{R} \right) = G \frac{M \cdot m}{R}$$

Despexando a velocidade de escape, queda:

$$v_e = \sqrt{2G \frac{M}{R}}$$

Se o corpo atópase a unha altura  $h$  sobre a superficie da Terra, en repouso respecto do chan, a súa enerxía cinética é nula.

Como a altura é igual a dous radios terrestres, á distancia  $r$  ao centro da Terra é:

$$r = R + h = R + 2R = 3R$$

A enerxía mecánica a esa altura sería:

$$E_s = (E_c + E_p)_s = 0 + \left(-G \frac{M \cdot m}{r}\right) = -G \frac{M \cdot m}{r} = -G \frac{M \cdot m}{3R}$$

A velocidade de escape a esa altura  $v_{eh}$  comunicarlle a enerxía  $\Delta E$  necesaria para situalo no infinito.

$$\Delta E = \frac{1}{2} m \cdot v_{eh}^2 = (E_c + E_p)_\infty - (E_c + E_p)_s$$

$$\frac{1}{2} m v_{eh}^2 = 0 - \left(-G \frac{M \cdot m}{3R}\right) = G \frac{M \cdot m}{3R}$$

Despexando a velocidade de escape, queda:

$$v_{eh} = \sqrt{2G \frac{M}{3R}} = \sqrt{\frac{1}{3}} \sqrt{2G \frac{M}{R}} = \frac{v_e}{\sqrt{3}}$$

2. Un satélite móvese nunha órbita estable arredor dun planeta. O seu momento angular respecto do centro do planeta:

- A) Aumenta indefinidamente.
- B) É cero.
- C) Permanece constante.

(A.B.A.U. extr. 24)

**Solución:** C

O campo gravitacional é un campo de forzas centrais, nas que a forza gravitacional que exerce o planeta sobre un satélite ten a mesma dirección (e sentido contrario) que o vector de posición do satélite colocando a orixe de coordenadas no planeta.

O momento angular,  $\vec{L}_O$ , dunha partícula de masa  $m$  que se move cunha velocidade  $\vec{v}$  respecto dun punto O que se toma como orixe é:

$$\vec{L}_O = \vec{r} \times m \cdot \vec{v}$$

Para estudar a súa variación, derivase con respecto ao tempo:

